

**REDACTOR/A
GALEGO**

1.- Indica en que artigo da Constitución Española de 1978 se regula que "*os españois son iguais ante a lei, sen que poda prevalecer discriminación algunha por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social*":

- a) 10
- b) 12
- c) 14
- d) 16

2.- O artigo 20 da Constitución Española de 1978 recoñece e protexe o dereito:

- a) Á produción e creación literaria, artística, científica e técnica.
- b) Á propia imaxe.
- c) Ao segredo postal.
- d) Á asistencia de letrado.

3.- Segundo o artigo 34 da Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de Autonomía para Galicia corresponde á Comunidade Autónoma o desenvolvemento legislativo e a execución do réxime de Radiodifusión e Televisión nos termos e casos establecidos na lei que regule o Estatuto xurídico da Radio e a Televisión. Indica no marco de que normas:

- a) Europeas.
- b) Básicas do Estado.
- c) Básicas da Comunidade Autónoma de Galicia.
- d) Societarias.

4.- Segundo o artigo 27 da Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de Autonomía para Galicia corresponde á Comunidade Autónoma galega a competencia exclusiva de:

- a) Publicidade, sen prexuízo das normas ditadas polo Estado para sectores e medios específicos.
- b) Portos pesqueiros.
- c) Salvamento marítimo.
- d) Verteduras industriais e contaminantes

5.- Segundo o artigo 1 da Lei 13/2022, do 7 de xullo, Xeral de Comunicación Audiovisual, esta lei ten por obxecto:

- a) Regular a comunicación audiovisual de ámbito autonómico.
- b) Regular a comunicación audiovisual de ámbito local.
- c) Regular a comunicación audiovisual de ámbito estatal.
- d) Regular a comunicación audiovisual de ámbito europeo.

6.- Segundo o establecido no artigo 2 da Lei 9/2011, do 9 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia, a entidade prestadora á que se lle encomenda a xestión do servizo público de comunicación audiovisual de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia é:

- a) A Secretaría Xeral de Medios.
- b) A Consellería competente en materia de comunicación audiovisual.
- c) A Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A.
- d) A FORTA.

7.- Segundo o establecido no artigo 7 da Lei 9/2011, do 9 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia, a Corporación RTVG é:

- a) Unha sociedade mercantil pública autonómica non integrada no sector público autonómico.
- b) Unha sociedade mercantil pública autonómica integrada no sector público autonómico.
- c) Unha sociedade limitada pública autonómica integrada no sector público autonómico.
- d) Unha sociedade limitada pública autonómica non integrada no sector público autonómico.

8.- Segundo o artigo 35 da Lei 9/2011, do 9 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia:

- a) A Corporación RTVG poderá ceder a terceiros a realización e edición de programas informativos.
- b) A Corporación RTVG poderá ceder a outras televisións autonómicas a realización e edición de programas informativos.
- c) A Corporación RTVG poderá ceder a realización e edición de programas informativos cando se emitan en horario nocturno.
- d) A Corporación RTVG non poderá ceder a realización e edición de programas informativos.

9.- Segundo o artigo 37 da Lei 9/2011, do 9 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia durante os procesos electorais aplicarase o réxime especial que establezan as normas electorais, correspondéndolle a súa aplicación e control:

- a) Ao Parlamento de Galicia.
- b) Á xunta electoral competente.
- c) Á Consellería competente en materia de xustiza.
- d) Á Sala do social do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

10.- Segundo o artigo 48 da Lei 9/2011, do 9 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia, quen exerce o control da xestión e do cumprimento da función de servizo encomendada á Corporación RTVG:

- a) Parlamento de Galicia.
- b) O/a Defensor/a de o Pobo.
- c) A Xunta de Galicia.
- d) A FORTA.

11.- Segundo o artigo 2 do Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, cal das seguintes se considera unha relación laboral de carácter especial:

- a) Administradores/as de empresas mercantís.
- b) Persoas traballadoras por conta allea a tempo parcial.
- c) Accionistas de sociedades mercantís.
- d) Persoas traballadoras con discapacidade que presten os seus servizos en centros especiais de emprego.

12.- Segundo o artigo 39.3 do Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, no caso de mobilidade funcional:

- a) A persoa traballadora percibirá as retribucións correspondentes ás funcións que efectivamente realice sexan superiores ou inferiores ás establecidas para a súa categoría ou grupo profesional.
- b) A persoa traballadora terá dereito á retribución correspondente ás funcións que efectivamente realice, agás nos casos de encomenda de funcións inferiores, nos que manterá a retribución de orixe.
- c) A persoa traballadora percibirá as retribucións correspondentes á categoría profesional que conste no seu contrato de traballo.
- d) A persoa traballadora pode realizar funcións inferiores pero non superiores ás recollidas no seu contrato de traballo.

13.- Segundo o artigo 4 da Lei 31/1995, do 8 de novembro de Prevención de Riscos Laborais, para os efectos desta lei as enfermidades, patoloxías ou lesións sufridas con motivo ou ocasión do traballo terán a consideración de:

- a) Enfermidades profesionais.
- b) Danos derivados do traballo.
- c) Accidentes comúns.
- d) Riscos laborais.

14.- Segundo o artigo 11.1 do Convenio Colectivo da CRTVG, a Comisión paritaria está composta por:

- a) Doce membros: seis representantes da empresa e outros seis das organizacións asinantes do convenio.
- b) Doce membros: seis representantes da empresa e outros seis das organizacións negociadoras do convenio.
- c) Dez membros: cinco representantes da empresa e outros cinco das organizacións negociadoras do convenio.
- d) Dez membros: cinco representantes da empresa e outros cinco das organizacións asinantes do convenio.

15.- Segundo o artigo 61 do Convenio Colectivo da CRTVG, o complemento de dispoñibilidade aplicarase ao persoal que, previa designación pola empresa, polas características do seu posto de traballo, voluntariamente estea disposto a:

- a) Realizar funcións de coordinación ou mando, ou cando se lle esixa unha responsabilidade de cualificada complexidade que exceda do normal esixible a súa categoría profesional.
- b) Realizar modificacións constantes da súa xornada e do seu horario de luns a venres.
- c) Realizar modificacións constantes da súa xornada e do seu horario de luns a domingo.
- d) Realizar gardas no seu tempo de descanso.

16.- O artigo 1 da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións públicas regula que se entende por actividade no sector público. Indica a efectos desta Lei que se considerará actividade no sector público:

- a) A desenvolvida polos membros electos das Asembleas Lexislativas das Comunidades Autónomas e das Corporacións Locais, polos altos cargos e restante persoal dos órganos constitucionais e de todas as Administracións Públicas, incluída a Administración de Xustiza, e dos Entes, Organismos e Empresas delas dependentes.
- b) Unicamente a comprendida nas entidades colaboradoras e as concertadas da Seguridade Social na prestación sanitaria.
- c) Unicamente as realizadas nas universidades públicas e centros de investigación.
- d) Unicamente as realizadas na administración de xustiza de Galicia.

17.- O artigo 5 da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións públicas sinala, con carácter excepcional, que o persoal incluído no ámbito de aplicación desta Lei poderá compatibilizar as súas actividades co desempeño de:

- a) Servizos no Tribunal Constitucional ou no Defensor do Pobo ou destinados ao Tribunal de Contas.

- b) Funcións no Consello Xeral do Poder Xudicial ou nos consellos de xustiza das comunidades autónomas.
- c) Funcións como reservistas voluntarios para prestar servizos nas Forzas Armadas.
- d) Cargos electivos como membros das corporacións locais, salvo que desenvolvan nas mesmas cargos retribuídos en réxime de dedicación exclusiva.

18.- Indica que artigo da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións públicas sinala que "non poderá recoñecerse compatibilidade algunha para actividades privadas a quen se lles autorizou a compatibilidade para un segundo posto ou actividade públicos, sempre que a suma de xornadas de ambos os sexa igual ou superior á máxima nas Administracións Públicas":

- a) 13
- b) 19
- c) 21
- d) 31

19.- O artigo 14 da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións públicas determina que a resolución motivada recoñecendo a compatibilidade ou declarando a incompatibilidade, debe emitirse nun prazo de:

- a) 15 días.
- b) 3 meses.
- c) 2 meses.
- d) 30 días.

20.- Segundo o artigo 6 da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións públicas o persoal investigador ao servizo dos Organismos Públicos de Investigación, das Universidades públicas e doutras entidades de investigación dependentes das Administracións Públicas, poderá ser autorizado a prestar servizos en sociedades creadas ou participadas polos mesmos. Indica quen o autoriza:

- a) O Ministerio da Presidencia ou os órganos competentes das Universidades públicas ou das Administracións públicas.
- b) O Ministerio de Administracións Públicas ou os Reitores nas Universidades públicas.
- c) A Consellería de Facenda e os/as Directores/as dos proxectos de investigación.
- d) Os titulares de cada Administración pública responsable da investigación.

21.- Segundo o artigo 1 da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, cal dos seguintes é un obxecto da dita lei:

- a) Adaptar o ordenamento xurídico español á regulación mundial sobre a materia.
- b) Garantir os dereitos físicos e dixitais da cidadanía.
- c) Adaptar o ordenamento xurídico español á regulación do Parlamento Europeo e do Consello.
- d) Prover ás persoas xurídicas dunha regulación para as súas transaccións económicas.

22.- O artigo 3 da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais sinala que "*as persoas vinculadas ao falecido por razóns familiares ou de feito, así como os seus herdeiros poderán dirixirse ao responsable ou encargado do tratamento ao obxecto de solicitar o acceso aos datos persoais daquela e, no seu caso, a súa rectificación ou supresión*", sinale a excepción prevista pola lei:

- a) Non poderán acceder aos datos do causante, nin solicitar a súa rectificación ou supresión, cando a persoa falecida o prohibise expresamente ou así o estableza unha lei.
- b) Non poderán acceder aos datos do causante que sexan de carácter patrimonial.
- c) A prohibición só afectará cando a estableza o xulgado correspondente.
- d) Non poderán acceder aos datos do causante cando a persoa falecida sexa un menor de idade.

23.- Segundo o artigo 6 da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais como se denomina a vontade libre, específica, informada e inequívoca pola que se acepta o tratamento de datos:

- a) Vontade do afectado.
- b) Autorización do afectado.
- c) Consentimento do afectado.
- d) Validación do afectado.

24.- O artigo 88 da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais regula o dereito á desconexión dixital no ámbito laboral, as modalidades do exercicio:

- a) Prevé a negociación de máis días de descanso por asuntos persoais.
- b) Potenciarán o dereito á conciliación da actividade laboral e a vida persoal e familiar.
- c) Acordaranse discrecionalmente entre a empresa e o traballador.
- d) Imporanse pola empresa atendendo á natureza e ao obxecto da relación laboral.

25.- Segundo o artigo 89 da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, *"en ningún caso se admitirá a instalación de sistemas de gravación de sons nin de videovixilancia en lugares destinados ao descanso ou esparexemento dos traballadores ou os empregados públicos, tales como vestiarios, aseos, comedores e análogos"*, con esta regulación indique que dereito se está a protexer:

- a) Dereito á intimidade.
- b) Dereito á neutralidade.
- c) Dereito de oposición.
- d) Dereito á limitación do tratamento.

26.- Segundo o artigo 1 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia cal é o seu obxecto:

- a) Regular a organización e funcionamento da Administración xeral do Estado e o seu sector público.
- b) Regular o réxime xurídico dos consorcios autonómicos e non autonómicos.
- c) Regular a titularidade das entidades instrumentais con posición de dominio.
- d) Regular a organización e o réxime xurídico da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades instrumentais integrantes do sector público autonómico, así como a regulación do exercicio da potestade regulamentaria e do procedemento de elaboración de regulamentos.

27.- Segundo o artigo 18 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia indique a quen corresponde nun órgano colexiado *"expedir certificacións das consultas, ditames e acordos aprobados"*:

- a) Presidente/a.
- b) Secretario/a.
- c) Tesoureiro/a.
- d) Letrado/a.

28.- Segundo o artigo 1 da Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, esta lei ten por obxecto:

- a) Considerar especificamente as singularidades das mulleres que viven en zonas urbanas.
- b) Considerar especificamente as singularidades das mulleres autónomas.
- c) Considerar especificamente as singularidades das mulleres rurais e do mar.
- d) Considerar especificamente as singularidades das mulleres profesionais en sectores feminizados.

29.- Segundo o artigo 18 da Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, o conxunto de construcións sociais, educativas e culturais dos roles, nesgos da personalidade, actitudes, actividades, comportamentos, valores, aparencia externa, imaxe ou expectativas sociais que se asocian ou atribúen de forma diferencial nunha determinada sociedade a mulleres e homes denomínase:

- a) Sexo.
- b) Identidade sexual.
- c) Xénero.
- d) Convención tradicional.

30.- Segundo o artigo 54 da Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, a Corporación Radio e Televisión de Galicia garantirá:

- a) A programación de campañas en favor da igualdade e da erradicación da violencia de xénero.
- b) A emisión dun mínimo do 50% da súa programación deportiva dedicada ao deporte feminino.
- c) A utilización non sexista da linguaxe pero non das imaxes, que poderán emitirse sen restrición algunha sexa cal sexa o contido.
- d) O establecemento e mantemento de programas realizados por e para homes.

31.- Cal é a forma xurídica da FORTA?

- a) Fundación
- b) Asociación sen ánimo de lucro
- c) Cooperativa
- d) Sociedade Anónima

32.- Cal dos seguintes organismos non pertence á FORTA?

- a) Corporación Radio e Televisión de Galicia
- b) Corporación de Radio y Televisión Española
- c) Euskal Irrati Telebista
- d) Radiotelevisión de la Región de Murcia

33.- Que cargo ostenta a representación legal da FORTA?

- a) A Xunta Xeral
- b) A Secretaría Xeral
- c) A Presidencia
- d) A Xunta Directiva

34.- Cal das seguintes non está entre as comisións consultivas e de traballo da FORTA?

- a) Comisión de Compra de Dereitos de Producción Allea
- b) Comisión de Políticas Audiovisuais
- c) Comisión de Dereitos de Antena e Producción de TV Movies
- d) Comisión de Informativos

35.- Con cal dos seguintes conceptos se relaciona o feito de que os poderes públicos de Galicia promoverán o uso da lingua galega, oralmente e por escrito, nas súas relacións coa cidadanía?

- a) Normalización lingüística.
- b) Normativización lingüística.
- c) Variedades diatópicas do galego.
- d) Variedades diastráticas do galego.

36.- En que ano se inaugurou oficialmente a RAG no salón da coruñesa Reunión Recreativa e Instrutiva de Artesáns?

- a) 1905.
- b) 1906.
- c) 1907.
- d) 1908.

37.- Quen preside a RAE?

- a) Santiago Muñoz Machado.
- b) Darío Villanueva Prieto.
- c) José Manuel Sánchez Ron.
- d) Todas as respostas anteriores son falsas.

38.- Cando e por iniciativa de quen se fundou a RAE?

- a) En 1825, por iniciativa de Santiago Muñoz Machado.
- b) En 1713, por iniciativa de Juan Manuel Fernández Pacheco y Zúñiga.
- c) En 1920, por iniciativa de Emilia Pardo Bazán.
- d) En 1895, por iniciativa de Ramón María del Valle-Inclán.

39.- Cales son as principais formas de respirar?

- a) Respiración torácica ou intercostal e respiración diafragmática ou abdominal.
- b) Respiración singular e respiración diafragmática ou abdominal.
- c) Respiración efectiva e respiración torácica ou intercostal.
- d) Respiración torácica ou intercostal e respiración subxacente.

40.- Cales son as principais calidades da voz?

- a) Ton, timbre e forza.
- b) Ton, timbre e intensidade.
- c) Ton, timbre e pausa.
- d) Coordinación, timbre e intensidade.

41.- Como se denomina a variante do relato oral que non é preparada previamente?

- a) Discurso caótico.
- b) Discurso espontáneo ou improvisación.
- c) Discurso aleatorio.
- d) Discurso abstracto.

42.- Que factores inflúen na creación do ritmo?

- a) Espazo, tempo e acción.
- b) Timbre da voz, tempo e acción.
- c) Espazo, linguaxe e acción.
- d) Espazo, tempo e expresividade.

43.- Cales son os elementos que integran a linguaxe radiofónica?

- a) Voz, guión, efectos sonoros, ruído e silencio.
- b) Voz, música, raccord, ruído e silencio.
- c) Voz, música, efectos sonoros, acción narrativa e silencio.
- d) Voz, música, efectos sonoros, ruído e silencio.

44.- Cales son os elementos que integran a linguaxe televisiva?

- a) Imaxe, voz, texto, son, música e infografía.
- b) Imaxe, voz, escaleta, son, música e infografía.
- c) Imaxe, voz, texto, son, música e plató.
- d) Imaxe, voz, texto, son, música e cámaras.

45.- Cales son os factores que inflúen na lectura da imaxe?

- a) Formación do espectador, características da imaxe, tempo de permanencia en pantalla, número de elementos que contén o plano e os elementos que favorecen o contraste.
- b) Formación do espectador, orixe da imaxe, tempo de permanencia en pantalla, número de elementos que contén o plano e os elementos que favorecen o contraste.
- c) Formación do espectador, características da imaxe, hora do día, número de elementos que contén o plano e os elementos que favorecen o contraste.

- d) Formación do espectador, características da imaxe, tempo de permanencia en pantalla, número de elementos que contén o plano e as circunstancias nas que foi feita a filmación.

46.- Cales son as principais modalidades temporais que poden existir nun relato informativo?

- a) Directo, diferido, tempo efémero e tempo ficticio.
- b) Directo, diferido, tempo real e tempo ficticio.
- c) Directo, diferido, tempo propio e tempo ficticio.
- d) Directo, diferido, tempo variable e tempo ficticio.

47.- Que valor ten o Primeiro Plano nun relato sonoro xornalístico?

- a) Protagonismo informativo.
- b) Contextualizador.
- c) Ambientación sonora.
- d) É un elemento circunstancial.

48.- Que plano ten un valor máis contextualizador?

- a) Primeiro Plano.
- b) Plano Detalle.
- c) Plano Americano.
- d) Plano Xeral.

49.- Para que serve a pantalla partida?

- a) Para mostrar dúas (ou varias) realidades ou elementos de xeito simultáneo.
- b) Só para mostrar elementos similares.
- c) Só para mostrar de forma combinada imaxe e gráficos.
- d) Só para comparar itinerarios.

50.- Cal é o narrador obxectivo?

- a) O que intervéñ primeiro no relato.
- b) O que pecha o relato.
- c) O que se contempla directamente na pantalla.
- d) O que ten unha presenza descontínua no relato.

51.- Cal é característica principal do son obxectivo?

- a) Contémplase na pantalla a fonte sonora da que procede.
- b) Non está asociado á idea central do relato.
- c) Aparece no relato de forma periódica.
- d) Sempre está acompañado doutros elementos narrativos.

52.- Para que serve a figura narrativa denominada raccord?

- a) Para fragmentar o discurso en unidades independentes.
- b) Para diferenciar os elementos que integran o relato.
- c) Para explicar detalladamente algunha parte do relato.
- d) Para relacionar os elementos que integran o discurso e establecer unha transición narrativa coherente.

53.- Como se denomina a orde na que se sitúan na escaleta (ou no minutado) as diferentes noticias dun informativo?

- a) Xerarquización.
- b) Aliñamento.
- c) Catalogación.
- d) Disposición.

54.- Que rexistro debe ter a linguaxe do relato que elabora o/a xornalista nunha noticia?

- a) Interpretativo.
- b) Informativo.
- c) Emotivo.
- d) Crítico.

55.- Cal é o organigrama correcto que regula as distintas fases de traballo do proceso informativo nunha redacción de radio ou de televisión?

- a) A dirección de informativos, o departamento de produción, a redacción e a presentación-emisión.
- b) A dirección de informativos, os servizos administrativos, a redacción e a presentación-emisión.
- c) A dirección de informativos, a oficina de publicidade, a redacción e a presentación-emisión.
- d) A dirección de informativos, a xerencia, a redacción e a presentación-emisión.

56.- Que elementos debe ter un minutado ou unha escaleta?

- a) Relación de todas as noticias que se van emitir, incluíndo só o tempo das declaracións.
- b) Relación de todas as noticias que se van emitir, pero sen anotar o tempo.
- c) Relación de todas as noticias que se van emitir, incluíndo só o tempo dos directos.
- d) Relación de todas as noticias que se van emitir, tempo total de cada noticia e tempo acumulado de todas as noticias.

57.- Cales son os elementos esenciais dun informativo principal de noticias?

- a) Sintonía, tema do día, titulares e desenvolvemento das noticias de cada sección.
- b) Sintonía, tema do día, horóscopo e desenvolvemento das noticias de cada sección.
- c) Sintonía, tema do día, debate e desenvolvemento das noticias de cada sección.
- d) Sintonía, tema do día, tertulia e desenvolvemento das noticias de cada sección.

58.- Cales son as fases do proceso informativo?

- a) Feitos, recollida de datos, consulta de fontes e arquivo da información.
- b) Feitos, recollida de datos, consulta de fontes e elaboración da información (redacción das noticias).
- c) Feitos, elaboración do minutado e recollida de datos.
- d) Feitos, preparación dos directos e elaboración do minutado.

59.- Que debe contemplar o libro de estilo dun medio de comunicación no referente ós programas informativos?

- a) O conxunto de normas estéticas e de redacción, e as indicacións técnicas que lle dan coherencia ó programa e que definen as características do espazo informativo.
- b) O conxunto de normas estéticas e de redacción, e tamén un resumo do balance económico dos últimos anos para ver a evolución da emisora.
- c) O conxunto de normas estéticas e de redacción, e a relación das persoas máis relevantes do ámbito político, económico e social.
- d) O conxunto de normas estéticas e de redacción, e o listado de temas que deben ser tratados como reportaxes durante o ano.

60.- Cales son os tipos de entrevista, segundo a forma de emisión?

- a) En directo, en diferido e pactada.
- b) En directo, en diferido e política.
- c) En directo, en diferido e sobre o tema do día.
- d) En directo, en diferido íntegra e en diferido editada.

61.- Que características ten unha noticia con foco múltiple?

- a) É aquela na que diferentes feitos referidos a un mesmo acontecemento informativo están localizados en varios lugares.
- b) É aquela na que diferentes feitos referidos a un mesmo acontecemento informativo están localizados xuntos.
- c) É aquela na que diferentes feitos referidos a distintos acontecementos informativo están localizados en dous lugares.

- d) É aquela na que diferentes feitos referidos a un mesmo acontecemento informativo están localizados en lugares equidistantes.

62.- Cales son os diferentes estilos de redacción?

- a) Expositivo ou neutro, redacción metafórica, estilo crítico, estilo tremendista, estilo humanizante e estilo das retransmisións en directo.
- b) Expositivo ou neutro, redacción metafórica, estilo intenso, estilo tremendista, estilo humanizante e estilo das retransmisións en directo.
- c) Expositivo ou neutro, redacción metafórica, estilo crítico, estilo cauteloso, estilo humanizante e estilo das retransmisións en directo.
- d) Expositivo ou neutro, redacción metafórica, estilo crítico, estilo tremendista, estilo variable e estilo das retransmisións en directo.

63.- Cales son as variantes de raccord que se utilizan nos informativos?

- a) Raccord de contido, formal, de relación e de intensidade.
- b) Raccord de contido, formal, de relación e de contraste.
- c) Raccord de contido, parcial, de relación e de contraste.
- d) Raccord de contido, formal, de relación e numérico.

64.- Cales son as principais funcións das fontes informativas?

- a) Facilitan os datos necesarios para elaborar a información, confirman as afirmacións do xornalista, dan credibilidade á noticia e serven para diferenciar o relato dos feitos da opinión dos protagonistas, das testemuñas ou dos expertos.
- b) Facilitan os datos necesarios para elaborar a información, confirman as afirmacións do xornalista, dan credibilidade ó relato e serven para diferenciar os tipos de noticias.
- c) Facilitan os datos necesarios para elaborar a información, confirman as afirmacións do xornalista, dan credibilidade ó relato e serven para diferenciar a información propia da emisora da que chega de axencias.
- d) Facilitan os datos necesarios para elaborar a información, confirman as afirmacións do xornalista, dan credibilidade ó relato e serven para diferenciar as noticias de cada sección.

65.- Cales son os principais tipos de fontes informativas?

- a) Directas ou primarias, indirectas ou secundarias, institucionais ou públicas, privadas, lexítimas, ilexítimas, actuais e de arquivo.
- b) Directas ou primarias, indirectas ou secundarias, institucionais ou públicas, privadas, lexítimas, ilexítimas, de caducidade puntual e de arquivo.
- c) Directas ou primarias, indirectas ou secundarias, institucionais ou públicas, privadas, lexítimas, ilexítimas, de duración prolongada e de arquivo.
- d) Directas ou primarias, indirectas ou secundarias, institucionais ou públicas, privadas, lexítimas, ilexítimas, espontáneas e de arquivo.

66.- Cales son as principais clases de informativos radiofónicos?

- a) O boletín informativo horario. O informativo principal de mediodía. O informativo matinal e o informativo nocturno. Os informativos monográficos ou especiais.
- b) O boletín informativo horario. O informativo principal de mediodía. A reportaxe. Os informativos monográficos ou especiais.
- c) O boletín informativo horario. O informativo principal de mediodía. A crónica. Os informativos monográficos ou especiais.
- d) O boletín informativo horario. O informativo principal de mediodía. A tertulia. Os informativos monográficos ou especiais.

67.- Cal das seguintes definicións de magazín xeneralista é a correcta?

- a) O magazín é un programa de contidos variados, que tamén inclúe actualidade e que está dirixido a un público heteroxéneo.
- b) O magazín é un programa de contidos variados, que non inclúe actualidade e que está dirixido a un público heteroxéneo.
- c) O magazín é un programa de contidos variados, que tamén inclúe actualidade e que está dirixido a un público que vive nas grandes urbes.
- d) O magazín é un programa de contidos específicos, que tamén inclúe actualidade e que está dirixido a un público especializado.

68.- Cales son os principais tipos de guión?

- a) Guión absoluto, guión indicativo e guión mixto.
- b) Guión absoluto, guión indicativo e guión versátil.
- c) Guión momentáneo, guión indicativo e guión mixto.
- d) Guión absoluto, guión indicativo e guión derivado.

69.- Cales son os diferentes tipos de xéneros xornalísticos?

- a) Informativos, interpretativos, de opinión e de análise
- b) Informativos, interpretativos, de opinión e de entretemento.
- c) Informativos, interpretativos, de análise e de valoración.
- d) Informativos, de opinión, de análise e de reflexión.

70.- Que significa UGC?

- a) Contidos xerados polos usuarios.
- b) Xornalismo móbil.
- c) Estándar de coordenadas xeográficas.
- d) Contidos xeolocalizados.

71.- Como se denomina a presentación de información con carácter dinámico e posibilidade de interacción e exploración?

- a) Infografía.
- b) Diagrama.
- c) Visualización de datos.
- d) Web scraping.

72.- Cales se consideran as características esenciais e específicas do documental interactivo?

- a) Interactividade e multimodalidade.
- b) Inmersión e hipertextualidade.
- c) Interactividade e soporte web.
- d) Multimodalidade e ubicuidade.

73.- Que característica non é requisito dunha narrativa transmedia?

- a) Uso de varias plataformas.
- b) Único universo narrativo.
- c) Soporte dixital.
- d) Participación.

74.- Os medios de comunicación son determinantes para garantir a calidade democrática dun país. Por tanto, se un medio de comunicación coñece un caso de corrupción política, pero decide intencionadamente non publicalo para que siga sendo descoñecido polo público, aínda que ese feito reúna os valores-noticia que se consideran necesarios para incorporalo ao temario, que práctica está efectuando o medio?

- a) Unha exclusión.
- b) Un silencio.
- c) Está tratando unha información *sub judice*.
- d) As respostas a) e b) son correctas.

75.- Que son os gabinetes de comunicación?

- a) Fontes activas, organizadas e habitualmente estables de información que cobren as necesidades comunicativas tanto internas como externas daquelas organizacións e/ou persoas relevantes que desexan transmitir de si mesmas unha imaxe positiva á sociedade influíndo desta forma na opinión pública.
- b) Fontes activas, organizadas e habitualmente estables de información que cobren as necesidades comunicativas só internas daquelas organizacións e/ou persoas relevantes que desexan transmitir de si mesmas unha imaxe positiva á sociedade influíndo desta forma na opinión pública.

- c) Fontes activas, organizadas e habitualmente estables de información que cobren as necesidades comunicativas só externas daquelas organizacións e/ou persoas relevantes que desexan transmitir de si mesmas unha imaxe positiva á sociedade influíndo desta forma na opinión pública.
- d) Fontes pasivas, organizadas e habitualmente estables de información que cobren as necesidades comunicativas externas daquelas organizacións e/ou persoas relevantes que desexan transmitir de si mesmas unha imaxe positiva á sociedade influíndo desta forma na opinión pública.

76.- Con cantas mesas de edición conta a Axencia Efe?

- a) EFE conta con tres mesas de edición: Madrid, Bogotá e Bangkok.
- b) EFE conta con dúas mesas de edición: Madrid e Bos Aires.
- c) EFE conta cunha única mesa de edición en Madrid.
- d) EFE non ten ningunha mesa de edición.

77.- Cal é a porcentaxe de participación que ten a SEPI como accionista de EFE?

- a) O 100 %.
- b) O 50 %.
- c) O 25 %.
- d) A SEPI non é accionista de EFE, xa que EFE é unha axencia de titularidade pública.

78.- A que fai referencia a ISO 26000?

- a) Aos códigos deontolóxicos que rexen no exercicio do xornalismo.
- b) Á responsabilidade social.
- c) Á prevención de riscos laborais.
- d) Aos libros de estilo e ás normas ortográficas e sintácticas para asegurar unha comunicación fluída que garanta a comprensión por parte dos públicos.

79.- Que significa a perdurabilidade do documento?

- a) A condición que ten o arquivo para preservar o soporte.
- b) A calidade pola que é recordado co paso do tempo.
- c) A capacidade para manterse ao longo do tempo.
- d) A utilidade futura que se determina para o documento.

80.- Cal é o principio que orixina a actividade documental?

- a) De adecuación funcional, polo cal se orienta ao tratamento específico que precisa cada documento.
- b) De perdurabilidade, para fixar a utilidade futura dos documentos.
- c) Explicativo, co fin de que a verdade informativa sexa comprendida polo destinatario.

d) Verificativo, na busca da verdade informativa mediante a comprobación da veracidade dos documentos.

81.- Segundo o principio editorial da documentación, pode priorizarse a liña editorial na tarefa documental?

- a) Non, os principios verificativo e explicativo son prioritarios.
- b) Si, pero sen empregar novas fontes para ese fin.
- c) Non, porque implica o uso de fontes diferentes.
- d) Si, xa que é un dereito preferente da empresa.

82.- Que función teñen nas buscas os operadores de truncado, como o símbolo asterisco (*)?

- a) Obriga a que o termo anterior e seguinte ao símbolo aparezan xuntos.
- b) Procura termos entre as datas anterior e posterior ao símbolo.
- c) Permite multiplicar dous números.
- d) Substitúe un ou varios caracteres.

83.- Como se denomina o formato nacido na intersección dos videoxogos e o xornalismo?

- a) Webdoc
- b) Infográfico
- c) Newsgame
- d) I-doc

84.- Como se denomina a tecnoloxía baseada na representación de obxectos virtuais superpostos á contorna real e visualizable a través dunha pantalla ou gafas?

- a) Realidade aumentada
- b) Realidade virtual
- c) Vídeo 360º
- d) VRdoc

85.- Que significa CSV?

- a) Un formato de arquivo de imaxe de alta compresión.
- b) Un formato de arquivo para datos no que os valores se separan con comas.
- c) Un protocolo de comunicación na Internet para envío seguro de arquivos.
- d) Unha cinta magnética de almacenamento de gran capacidade.

86.- A quen se lle atribúe o concepto de xornalismo de precisión?

- a) Philip Meyer
- b) Paul Bradshaw
- c) Tim Berners-Lee
- d) George Landow

87.- Cales son as áreas de especialización xornalística nas que se estrutura a redacción informativa dunha radio ou dunha televisión?

- a) Nacional, internacional, política, economía, sociedade e deportes.
- b) Nacional, internacional, política, economía, sociedade e natureza.
- c) Nacional, internacional, política, economía, bolsa e deportes.
- d) Nacional, internacional, política, economía, arquivo e deportes.

88.- En que ano se creou a primeira canle de TVE?

- a) 1956
- b) 1960
- c) 1962
- d) 1964

89.- Que establece a teoría da Agulla hipodérmica?

- a) A teoría da Agulla Hipodérmica establece que as mensaxes dos medios teñen un efecto directo e persuasivo sobre o público, moldeando a súa opinión e o comportamento de forma case automática e uniforme.
- b) A teoría da Agulla Hipodérmica establece que as mensaxes dos medios teñen un efecto directo sobre o estado de ánimo do público.
- c) A teoría da Agulla Hipodérmica establece que as mensaxes dos medios teñen un efecto directo sobre o comportamento social do público.
- d) A teoría da Agulla Hipodérmica establece que as mensaxes dos medios teñen un efecto directo sobre o público, moldeando a súa opinión e o comportamento, pero só durante as campañas electorais.

90.- Que establece a teoría da Espiral do Silencio?

- a) A teoría da Espiral do Silencio analiza o medo ó illamento social pola expresión de opinións. Por esta razón algunhas persoas reprimen os seus puntos de vista cando consideran que son impopulares ou minoritarios, por temor a ser excluídas socialmente.
- b) A teoría da Espiral do Silencio analiza o medo ó illamento social pola expresión de opinións de carácter económico. Por esta razón algunhas persoas reprimen os seus puntos de vista cando consideran que son impopulares ou minoritarios, por temor a ser excluídas socialmente.

- c) A teoría da Espiral do Silencio analiza o medo ó illamento social pola expresión de opinións referidas ó cambio climático. Por esta razón algunhas persoas reprimen os seus puntos de vista cando consideran que son impopulares ou minoritarios, por temor a ser excluídas socialmente.
- d) A teoría da Espiral do Silencio analiza o medo ó illamento social pola expresión de opinións referidas ás investigacións científicas que son polémicas. Por esta razón algunhas persoas reprimen os seus puntos de vista cando consideran que son impopulares ou minoritarios, por temor a ser excluídas socialmente.

91.- Que establece a Axenda-Setting?

- a) A teoría da Axenda-Setting sostén que os medios inflúen no público para determinar que temas teñen maior interese informativo e, polo tanto, cales son importantes e relevantes.
- b) A teoría da Axenda-Setting sostén que os medios inflúen no público para determinar que temas de carácter económico teñen maior interese informativo e, polo tanto, cales son importantes e relevantes para coñecer ben a información bursátil.
- c) A teoría da Axenda-Setting sostén que os medios inflúen no público para determinar que temas políticos teñen maior interese informativo e, polo tanto, cales son importantes e relevantes no eido das relacións internacionais.
- d) A teoría da Axenda-Setting sostén que os medios inflúen no público para determinar que temas científicos teñen maior interese informativo e, polo tanto, cales son importantes e relevantes para coñecer os avances que se producen neste eido.

92.- Que establece a teoría dos Usos e Gratificacións?

- a) A teoría dos Usos e gratificacións mantén que a audiencia elixe os medios específicos que consume desde una perspectiva activa, buscando aqueles contidos que satisfán os seus desexos e as súas necesidades (as gratificacións).
- b) A teoría dos Usos e Gratificacións mantén que a audiencia elixe os medios específicos que consume desde una perspectiva activa, buscando só aqueles contidos que satisfán os seus desexos e as súas necesidades (as gratificacións) de carácter político.
- c) A teoría dos Usos e Gratificacións mantén que a audiencia elixe os medios específicos que consume desde una perspectiva activa, buscando aqueles contidos que satisfán os seus desexos e as súas necesidades (as gratificacións) de carácter económico.
- d) A teoría dos Usos e Gratificacións mantén que a audiencia elixe os medios específicos que consume desde una perspectiva activa, buscando aqueles contidos que satisfán os seus desexos e as súas necesidades (as gratificacións) de carácter familiar.

93.- Segundo o Código Deontolóxico da FAPE, o segredo profesional é un dereito do xornalista, á vez que un deber que garante a confidencialidade das fontes de información. Por tanto, o xornalista garantirá o dereito das súas fontes informativas a permanecer no anonimato, se así foi solicitado. Non obstante, tal deber profesional poderá ceder excepcionalmente...

- a) No suposto de que revelar a fonte sexa o único medio para evitar unha información *sub judice*.
- b) No suposto de que conste de xeito fiable que a fonte falseou a información de maneira consciente ou cando revelar a fonte sexa o único medio para evitar un dano grave e inminente ás persoas.
- c) No suposto de que conste de xeito fiable que a fonte falseou a información de maneira consciente, cando revelar a fonte sexa o único medio para evitar un dano grave e inminente ás persoas, e cando revelar a fonte sexa a única maneira de evitar un xuízo paralelo nos medios de comunicación.
- d) As fontes nunca poden permanecer no anonimato.

94.- En que ano se creou o Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia?

- a) 1995.
- b) 1999.
- c) 2000.
- d) Todas as respostas anteriores son falsas.

95.- Cal dos seguintes organismos, con personalidade xurídica propia, independente do Goberno e sometido ao control parlamentario, promove e preserva o bo funcionamento do mercado audiovisual en España en beneficio dos consumidores e das empresas?

- a) A FAPE.
- b) Autocontrol.
- c) A CNMC.
- d) O ERGA.

96.- Poden ser membros do Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia os estudantes de Xornalismo?

- a) Non, unicamente poderá ser membro do Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia quen estea en posesión do título de Licenciado en Xornalismo, para o que habilitan as titulacións correspondentes das Facultades de Ciencias da Información, Ciencias da Comunicación e Ciencias Sociais.
- b) Non, unicamente poderá ser membro do Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia quen estea en posesión do título de Licenciado en Xornalismo, para o que habilitan as titulacións correspondentes das Facultades de Ciencias da Información, Ciencias da Comunicación ou Ciencias Sociais. Tamén poderán ser membros os Licenciados en Imaxe, Comunicación

Audiovisual ou Documentación Informativa, sempre que acrediten que están a desenvolver labores informativos.

- c) Si, os que teñan superado o primeiro ciclo de Xornalismo poderán inscribirse no Colexio, pero non adquirirán plenos dereitos de Colexiados ata que non terminen os seus estudos.
- d) Si, os que teñan superado o primeiro ciclo de Xornalismo poderán inscribirse no Colexio e adquirirán plenos dereitos de Colexiados.

97.- Cal das seguintes declaracións recoñece a responsabilidade dos medios de comunicación na loita contra a violencia machista e ofrece unha guía para a práctica informativa diaria?

- a) A Declaración de Verín.
- b) A Declaración de Tunisia da FAPE.
- c) A Declaración de Santander da FAPE.
- d) A Declaración de Compostela.

98.- Que organismo é responsable en España de que se respecten os dereitos do menor nas emisións en televisión, de asegurar que se respecten os códigos de autorregulación ou dos minutos máximos de publicidade que se poden emitir?

- a) A FAPE.
- b) Autocontrol.
- c) A CNMC.
- d) O ERGA.

99.- Cal é a característica principal dunha investigación cuantitativa?

- a) Recollida e análise de datos numéricos.
- b) Recollida de opinións persoais.
- c) Deseño de estratexias.
- d) Valoración de feitos extraordinarios.

100.- Cal é a característica principal dunha investigación cualitativa?

- a) Observación e análise dun tema en profundidade.
- b) Comparación esquemática de dous feitos similares.
- c) Comparación esquemática de dous feitos diferentes.
- d) Estudo de tendencias sociais.

101.- A través de que teléfono o Ministerio de Igualdade, por medio da Dirección Xeral para a Igualdade real e efectiva das persoas LGTBI+, presta o Servizo telefónico de información, asesoramento xurídico e atención psicosocial inmediata especializada fronte a todas as formas de violencia por LGTBIfobia, dirixido a todas as persoas LGTBI ou achegadas?

- a) 024.
- b) 025.

- c) 027.
- d) 028.

102.- Contra quen se sublevaron os mártires de Carral?

- a) Contra o presidente Ramón María Narváez.
- b) Contra o coronel Miguel Solís y Cuetos.
- c) Contra o político lucense Juan Álvarez Mendoza.
- d) Contra Isabel I de Castela.

103.- Cando se produciu a caída do Muro de Berlín?

- a) En agosto de 1989.
- b) En setembro de 1989.
- c) En outubro de 1989.
- d) En novembro de 1989.

104.- Que informe contén un cadro macroeconómico de horizonte plurianual que especifica, entre outras variables, a evolución prevista para o Produto Interior Bruto (PIB), a fenda de produción, a taxa de referencia da economía española e o saldo cíclico do conxunto das Administracións Públicas, distribuído entre os seus subsectores?

- a) O informe de situación da economía española.
- b) O informe de PIB.
- c) O informe de financiamento de empresas.
- d) O B2B.

105.- Cal é a misión de Eurostat?

- a) Proporcionar estatísticas de alta calidade para Europa.
- b) Recoller o balance anual da cinematografía en Europa.
- c) Coñecer o máis e mellor posible como é o consumo de medios en Europa.
- d) Formular o Proxecto do Plan Estatístico Nacional coa colaboración dos Departamentos Ministeriais e do Banco de España; a proposta de normas comúns sobre conceptos, unidades estatísticas, clasificacións e códigos; e as relacións en materia estatística cos organismos internacionais especializados.

106.- Desde cando o INE publica previsións do IPC?

- a) O INE nunca fai previsións por adiantado.
- b) Desde 2011.
- c) Desde 2014.
- d) Desde 2020 debido á pandemia.

107.- Que entendemos por micrófono lavalier?

- a) Un micrófono submarino.
- b) Un micrófono pensado para suxeitar coa man ou nun pé.
- c) Un micrófono pequeno que adoita colocarse na solapa da chaqueta.
- d) Un micrófono directivo que recolle son a distancia.

108.- Cal dos seguintes planos presenta un ángulo de visión máis reducido?

- a) Gran plano xeral.
- b) Plano medio.
- c) Plano americano.
- d) Plano xeral.

109.- Cal dos seguintes dispositivos é un estabilizador de cámara?

- a) Steadicam.
- b) ENG.
- c) DSLR.
- d) Raccord.

110.- Cal dos seguintes non é un sistema de xestión de contidos?

- a) OpenCMS.
- b) WordPress.
- c) Drupal.
- d) PHP.

111.- Que é o CSS3?

- a) Unha versión de linguaxe de programación.
- b) Unha versión de linguaxe de marcado hipertextual.
- c) Un estándar de estrutura dun documento HTML.
- d) Unha versión das follas de estilo en cascada.

112.- Cal é a etiqueta de HTML5 empregada para unha maior compatibilidade dos arquivos multimedia nos navegadores, indicando un atributo type co formato do arquivo?

- a) <video>
- b) <source>
- c) <audio>
- d) <nav>

113.- Como se denomina o sistema de navegación axustado a cada categoría na que se estrutura un sitio web?

- a) Local.
- b) Contextual.
- c) Embebido.
- d) Global.

114.- Como se denomina o tipo de estrutura de base de datos na que diferentes táboas están vencelladas a través de claves?

- a) Contextual.
- b) Conectada.
- c) Documental.
- d) Relacional.

115.- Cal é o símbolo empregado no diagrama de arquitectura da información para identificar un punto de decisión?

- a) Acordeón.
- b) Diamante.
- c) Hexágono.
- d) Círculo.

116.- Cal é o documento fundacional de Organización das Nacións Unidas:

- a) Carta da ONU, asinada o 26 de xuño de 1945 en San Francisco.
- b) Tratado de San Francisco, asinado o 8 de setembro de 1951.
- c) Constitución da Organización Mundial da Saúde (OMS), asinada o 22 de xullo de 1946.
- d) Tratado de Versalles, asinado o 28 de xuño de 1919.

117.- Segundo o artigo 9 da Carta das Nacións Unidas, a Asemblea Xeral estará integrada por todos os Membros das Nacións Unidas e ningún Membro poderá ter:

- a) Máis de tres representantes na Asemblea Xeral.
- b) Máis de cinco representantes na Asemblea Xeral.
- c) Máis de catro representantes na Asemblea Xeral.
- d) Máis dun representante na Asemblea Xeral.

118.- Forman parte da Axenda 2030 sobre o Desenvolvemento Sostible, aprobada pola Organización das Nacións Unidas no ano 2015, entre outros, os seguintes obxectivos:

- a) Paz, xustiza e institucións sólidas.
- b) Loita contra os incendios.
- c) Redución da igualdade.

d) Educación ata a maioría de idade.

119.- En que cidade se atopa a sede da Organización do Tratado do Atlántico Norte (OTAN):

- a) Cidade do Cabo.
- b) Londres.
- c) París.
- d) Bruxelas.

120.- A cidadanía europea creouse no seguinte Tratado:

- a) Roma.
- b) Ámsterdam.
- c) Maastrich.
- d) Niza.

121.- O Tratado da Unión Europea establece respecto do Parlamento Europeo o seguinte:

- a) O Parlamento Europeo terá a súa sede en Estrasburgo. A Secretaría Xeral do Parlamento Europeo e os seus servizos seguirán instalados en Luxemburgo.
- b) O Parlamento Europeo terá a súa sede en Bruxelas . A Secretaría Xeral do Parlamento Europeo e os seus servizos seguirán instalados en Luxemburgo.
- c) O Parlamento Europeo terá a súa sede en Estrasburgo. A Secretaría Xeral do Parlamento Europeo e os seus servizos seguirán instalados en Bruxelas.
- d) O Parlamento Europeo terá a súa sede en Frankfurt. A Secretaría Xeral do Parlamento Europeo e os seus servizos seguirán instalados en Bruxelas.

122.- O artigo 15 do Tratado da Unión Europea regula para a elección do Presidente do Consello Europeo, o seguinte:

- a) O Consello Europeo elixirá o seu Presidente por maioría de dous terzos.
- b) O Consello Europeo elixirá o seu Presidente por maioría cualificada.
- c) O Consello Europeo elixirá o seu Presidente por maioría de tres quintos.
- d) O Consello Europeo elixirá o seu Presidente por maioría absoluta.

123.- Segundo o Tratado da Unión Europea:

- a) O mandato da Comisión será de cinco anos.
- b) O mandato da Comisión será de tres anos.
- c) O mandato da Comisión será de dous anos.
- d) O mandato da Comisión será de catro anos.

124.- A Comisión Europea é o órgano executivo, politicamente independente, da UE ao que lle corresponde (sinale a resposta incorrecta):

- a) Velar por que se apliquen os Tratados e as medidas adoptadas polas institucións en virtude destes.
- b) Supervisar a aplicación do Dereito da Unión baixo o control do Tribunal de Xustiza da Unión Europea. Executará o orzamento e xestionará os programas.
- c) Executar o orzamento e xestionar os programas.
- d) Xestionar o euro, manter a estabilidade dos prezos e dirixir a política económica e monetaria da UE.

125.- Segundo o artigo 15 do Tratado da Unión Europea sinale a quen lle corresponde a representación exterior da Unión Europea en asuntos de política exterior e seguridade común:

- a) Presidente do Parlamento Europeo.
- b) Presidente da Comisión Europea.
- c) Alto Representante da Unión para Asuntos Exteriores e Política de Seguridade.
- d) Presidente do Tribunal de Xustiza da Unión Europea.

126.- Segundo a Constitución Española de 1978, que función NON lle corresponde ao rei:

- a) Exercer a potestade lexislativa do Estado.
- b) A sanción e promulgación das leis.
- c) Mando supremo das Forzas Armadas.
- d) Expedir os decretos acordados en Consello de Ministros, conferir empregos civís e militares, a concesión de honras e distincións de acordo coas leis.

127.- O artigo 68 da Constitución Española de 1978, establece que o Congreso dos Deputados:

- a) Componse dun mínimo de 350 e dun máximo de 500 deputados, elixidos por sufraxio universal, libre, igual, directo e secreto, nos termos que estableza a lei.
- b) Componse dun mínimo de 300 e dun máximo de 400 deputados, elixidos por sufraxio universal, libre, igual, directo e secreto, nos termos que estableza a lei.
- c) Componse dun mínimo de 150 deputados, elixidos por sufraxio universal, libre, igual, directo e secreto, nos termos que estableza a lei.
- d) Componse dun máximo de 500 deputados, elixidos por sufraxio universal, libre, igual, directo e secreto, nos termos que estableza a lei.

128.- Segundo a Constitución Española de 1978 a lei electoral determinará as causas de inelixibilidade e incompatibilidade dos deputados e senadores, entre as que NON se inclúe a:

- a) Aos membros do Tribunal Constitucional.
- b) Ao Defensor do Pobo.
- c) Aos membros das xuntas electorais.
- d) Aos representantes das principais organizacións sindicais.

129.- O artigo 71 da Constitución Española de 1978 establece que será competente nas causas contra deputados e senadores:

- a) A Sala do Penal do Tribunal Supremo.
- b) A Sala Segunda do Tribunal Constitucional.
- c) A Sala do Penal da Audiencia Nacional.
- d) A Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

130.- Sinale a resposta correcta de acordo coa Constitución Española de 1978:

- a) O Consello de Estado é o supremo órgano consultivo do Goberno. Unha lei ordinaria regulará a súa composición e competencia.
- b) O Consello de Estado é o supremo órgano consultivo do Goberno. Unha lei orgánica regulará a súa composición e competencia.
- c) O Consello de Estado é o supremo órgano fiscalizador das Cortes Xerais. Unha lei orgánica regulará a súa composición e renovación.
- d) O Consello de Estado é o supremo órgano consultivo do Xefe do Estado. Unha lei orgánica regulará a súa composición e competencia.

131.- Os membros do Tribunal Constitucional serán designados, segundo establece o artigo 159 da Constitución Española:

- a) Por un período de seis anos e renovaranse por terceira partes cada tres.
- b) Por un período de doce anos e renovaranse por terceira partes cada seis.
- c) Por un período de nove anos e renovaranse por terceira partes cada tres.
- d) Por un período de nove anos non renovables.

132.- O artigo 10 do Estatuto de Autonomía de Galicia (Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril), NON contempla a seguinte función do Parlamento de Galicia:

- a) Elixir de entre os seus membros ao presidente da Xunta de Galicia.
- b) Solicitar do Goberno a adopción de proxectos de lei e presentar ante a Mesa do Congreso dos Deputados proposicións de lei.
- c) A instancia da Comunidade Autónoma, convocar os concursos e oposicións para cubrir as prazas vacantes en Galicia, de maxistrados, xuíces, secretarios xudiciais e restante persoal ao servizo da Administración de Xustiza, de acordo con o que dispoña a Lei Orgánica do poder xudicial.

- d) Interpoñer recursos de inconstitucionalidade e presentarse ante o Tribunal Constitucional nos supostos e termos previstos na Constitución e na Lei Orgánica do Tribunal Constitucional.

133.- O Regulamento do Parlamento de Galicia dispón que a sesión constitutiva do parlamento terá lugar na data que:

- a) Dentro do prazo dun mes, a partir da celebración das eleccións, determine o decreto de convocatoria.
- b) Dentro do prazo dun ano, a partir da celebración das eleccións, determine o decreto de convocatoria.
- c) Dentro do prazo de quince días, a partir da celebración das eleccións, determine o decreto do presidente da Xunta.
- d) Dentro do prazo de 20 días hábiles, a partir da celebración das eleccións, determine a Comisión Permanente do Parlamento.

134.- O artigo 29 do Regulamento do Parlamento de Galicia establece a seguinte composición da Mesa do Parlamento:

- a) O Presidente do Parlamento, o Presidente da Xunta de Galicia, dous vicepresidentes, un secretario e un vicesecretario.
- b) O presidente do Parlamento, dous vicepresidentes, un secretario e un vicesecretario.
- c) O presidente do Parlamento, dous vicepresidentes da Xunta de Galicia, un secretario e un vicesecretario.
- d) O presidente do Parlamento, dous vicepresidentes, o secretario xeral técnico da Presidencia da Xunta de Galicia e un vicesecretario.

135.- O artigo 56 de Regulamento do Parlamento de Galicia establece que a Deputación Permanente estará presidida polo seu presidente e formarán parte da mesma o seguinte número mínimo de membros:

- a) Once membros.
- b) Quince membros.
- c) Dezasete membros.
- d) Ningunha é correcta.

136.- A lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia regula cal das seguintes competencias NON lle corresponde á Xunta de Galicia:

- a) Establecer as directrices e o desenvolvemento do Programa de Goberno.
- b) Aprobar os orzamentos da Comunidade Autónoma e remitilos ao Parlamento para a súa publicación.
- c) Ditar Decretos Legislativos nos supostos de delegación expresa do Parlamento.

- d) Deliberar sobre a cuestión de confianza que o presidente da Xunta propoña formular ao Parlamento, así como sobre a disolución da Cámara, que o Presidente pode decretar, ao amparo do artigo 24 da Lei.

137.- Segundo a lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia:

- a) A presidencia da Xunta será elixida polo Congreso dos Deputados.
- b) A presidencia da Xunta será elixida pola Deputación Permanente do Parlamento Galego.
- c) A presidencia da Xunta será elixida polo Parlamento Galego de entre as súa persoas membros.
- d) A presidencia da Xunta será elixida en votación popular.

138.- Segundo o Estatuto de Autonomía de Galicia (Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril) a presidencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia:

- a) Será nomeada polo rei por proposta da presidencia da Xunta de Galicia.
- b) Será nomeada polo rei por proposta da presidencia do Goberno do Estado.
- c) Será nomeada polo rei por proposta do Consello Xeral do Poder Xudicial.
- d) Será nomeada polo rei por proposta do Parlamento de Galicia.

139.- Segundo a Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor/a do Pobo de Galicia (sinale a resposta incorrecta):

- a) Será elixido/a polo Parlamento de Galicia para un período de 5 anos.
- b) A proposta de candidato ou candidatos a Valedor do Pobo será realizada pola Comisión de Peticións ao Pleno do Parlamento de Galicia.
- c) Proposto/a o/a candidato/a ou candidatos/as, convocarase, nun prazo non inferior a quince días, o Pleno do Parlamento para que proceda á elección.
- d) Deberá ser funcionario/a de carreira da Administración Xeral da Xunta de Galicia.

140.- Quen é o/a presidente/a do Parlamento de Galicia?

- a) Rosario Álvarez Blanco.
- b) Miguel Ángel Santalices Vieira
- c) Juan Bautista Quintas Rodríguez.
- d) Andrés Lago Louro.

PREGUNTAS DE RESERVA

141.- Cal é a clasificación correcta da voz masculina?

- a) Baixo, barítono e contralto.
- b) Soprano, barítono e tenor.
- c) Baixo, barítono e mezzosoprano.
- d) Baixo, barítono e tenor.

142.- Quen acuñou os termos hipertexto e hipermedia?

- a) Carlo Scolari.
- b) Douglas Engelbart.
- c) Manuel Castells.
- d) Ted Nelson.

143.- Como se denomina a representación gráfica baseada en tonalidades de cor que se asignan a áreas xeográficas definidas?

- a) Infografía cromática.
- b) Mapa de coropletas.
- c) Gráfica de coordenadas paralelas.
- d) Cartografía de datos puntuais.

144.- A cidadanía ten dereito a participar nos asuntos públicos, segundo o artigo 23 da Constitución Española do 1978 este dereito exercerase:

- a) Exclusivamente de xeito directo.
- b) Exclusivamente por medio de representantes.
- c) Directamente ou por medio de representantes elixidos en eleccións periódicas por sufraxio restrinxido.
- d) Directamente ou por medio de representantes elixidos en eleccións periódicas por sufraxio universal.

145.- Segundo o artigo 7 da Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia o trato desfavorable aos homes por razón da súa paternidade constitúe:

- a) Discriminación.
- b) Acoso sexual.
- c) Acoso por razón de xénero.
- d) Acoso por razón de sexo.